

A Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Chantada (Afachantada), é unha organización de natureza asociativa sen ánimo de fundada o 21 de Novembro de 2004 e cuxa misión é mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade de Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas e das súas familias a través dunha atención integral baseada en programas e servizos prestados por un equipo multidisciplinar apoiado por familiares e voluntarios.

A dirección de Afachantada dende os valores compartidos de igualdade e solidariedade na defensa dos dereitos, a dignidade, e a singularidade de cada persoa con Alzheimer ou outras demencias neurodexenerativas, está firmemente comprometida ca mellora da calidade dos servizos e programas que presta.

Por elo, considera necesario definir unha política de calidade na que se comprometa a:

1. Fomentar a calidade de vida da persoa con Alzheimer ou outras enfermidades neurodexenerativas, mantendo ó máximo a súa capacidade e autonomía.
2. Apoiar as familias cuidadoras facilitando a aceptación e o afrontamento da enfermidade e canalizando as súas necesidades cara os recursos adecuados á situación de cada persoa.
3. Implicar, motivar e formar ós profesionais da entidade, poñendo a súa disposición os medios materiais e humanos necesarios para a consecución dos obxetivos establecidos.
4. Cumplir cos requisitos especificados polas persoas usuarias, e cos legais e reglamentarios co fin de prever a aparición de defectos na calidade dos servizos prestados.
5. Mellorar continuamente a eficacia do Sistema de Xestión de Calidade

A Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Chantada fixará anualmente obxetivos de calidade, analizará ó cumprimento dos obxetivos fixados e revisará a adecuación e eficacia do Sistema de Xestión de Calidade implantado.

Afachantada divulgará esta política para que sexa coñecida por todas as persoas que formen parte da Entidade e para que esté a disposición das partes interesadas, en particular, e da sociedade en xeral, como destinataria última da súa finalidade, sendo a nosa responsabilidade e a de todo o persoal que conforma Afachantada, o correcto cumprimento e posta en marcha destas directrices.



AFACHANTADA  
G27320225  
Rúa do Parque, 21 - Chantada (Lugo)

Enrique Rojo Rojo